

As actividades están sacada do voso libro de naturais e secuenciadas para esta semana.

ACTIVIDADES PARA A SEMANA DO 23/3/2020 ATA 27/03/2020

1. Define materia

A materia é todo o que ocupa lugar e ten masa

2. Cales son as propiedades xerais da materia?

A masa e o volume

3. Que farías para conseguir exactamente 20 cm³ de auga?

Necesitamos un recipiente graduado no que medir, directa ou indirectamente, eses 20 centímetros cúbicos

4. Fai un debuxo, que mostre, en tres pasos como medirías o volumen que ocupa unha roca

Os debuxos teñen que mostrar as tres fases:

1.- un recipiente graduado con certa cantidade de líquido ata certa altura

2.- A rocha somerxida no recipiente, marcando a nova altura do líquido

3.- Un esquema que calcule a diferenza entre os niveis antes e despois de introducir a rocha

5. Temos dúas bolas macizas de aceiro. Unha ten un volumen de 15 cm³ e a outra 25 cm³

a.- Terán a mesma densidade? Xustifica a túa resposta

Se son do mesmo material, o aceiro, teñen a mesma densidade

b.- Que acontecería se soubésemos que unha das bolas é oca?

Se unha das bolas fose oca, a densidade do aceiro sería a mesma pero non a densidade da bóla no seu conxunto

6. Nunha probeta de 45 g poñemos 10 cm³ de mercurio. Medimos a masa da probeta con mercurio e obtemos 138 g. Cal é a densidade do mercurio?

Para calcular a densidade habemos de calcular a media da masa da substancia. Por iso restamos **138-45=93 gramos**. Agora aplicamos a fórmula da densidade e calculamos **93gramos/ 10 cm³ =9,3 g/cm³**

7. Que significa que a densidade dunha substancia é 8,7 g/cm³ ? Que masa terá 1 cm³ da substancia?

Significa que 1cm³ desa substancia ten unha masa de 8,7 gramos

8. Completa a táboa con tres exemplos de substancia puras e outros tres de mesturas

SUBSTANCIAS PURAS	MESTURAS
Auga (destilada)	Papel
Sal común	Auga salgada
Aluminio	Un refresco
Cobre	Aire
Osíxeno	Café
Dióxido de carbono
Diamante...	